

## PROXECTO DE ACTIVIDADE



**XUNTA DE GALICIA**  
PRESIDENCIA  
Secretaría Xeral para o Deporte



**DEPORTE  
GALEGO**



Clube de Montaña Xistra

# Clube de Montaña Xistra

## XXII DESCENSO DE BARRANCOS - FGM

### Río Fafiao

### 10 xullo 2016



**XUNTA DE GALICIA**  
PRESIDENCIA  
Secretaría Xeral para o Deporte



Deputación  
Pontevedra

CONCELLO  
DE VIGO



**DEPORTE  
GALEGO**



**FEDME**  
FEDERACIÓN ESPAÑOLA DE DEPORTES  
DE MONTAÑA Y ESCALADA



Vigo, 27 de xuño de 2016

Estimados compañeiros:

Dende o Clube de Montaña Xistra desexamos convidaros o **XXII Descenso de Barrancos da FGM**, que este ano temos a honra de organizar.

Desexamos que lle deades a máxima difusión entre os vosos asociados e agardamos a vosa participación nesta interesante actividade.

## PROGRAMA

Día 9 – Posible recepción e durmida no refuxio de Albite (Xurés) – FGM [Prezo 5€/noite]

Día 10 – Actividade oficial.

- 7:30h: Recollida e limpeza do Refuxio de Albite.
- 8:00h: Agrupamento de participantes en Lobios (Bar "O Lusitano").
- 8:15h - 9:45h: Aproximación e inicio barranco.
- 15:00h Xantar (opcional). [O prezo será aproximadamente uns 10€]
- 17h: Clausura actividade.

## INFORMACIÓN IMPORTANTE

É necesario levar provisións para comer durante o descenso.

**Material obrigatorio para realizar a actividade: casco, neopreno, calzado adecuado á actividade, arnés, 3 mosquetóns (MÍNIMO 1 HMS e 2 máis que poden ser sen seguro), cabo de ancoraxe dobre, cintas e oito.**

**ATENCIÓN: QUEN NON LEVE ESTE MATERIAL INDIVIDUAL NON PODERÁ FACER A ACTIVIDADE. NON HAI ESCUSAS.**

### IMPORTANTE:

**NESTA ACTIVIDADE HABERÁ UN NÚMERO MÁXIMO DE ASISTENTES. A ORGANIZACIÓN INDICARÁ O MÁXIMO UNS DÍAS PREVIOS Ó DESCENSO E SERÁ EN FUNCIÓN DA CANTIDADE DE GUÍAS-ORGANIZADORES QUE ESTEAN DISPOÑIBLES DURANTE O EVENTO.**


**NOTA: A ORGANIZACIÓN ESTÁ REVISANDO O PERCORRIDO. OS RESPONSABLES PODERÁN CAMBIAR O LUGAR E DATA DO EVENTO POR MOTIVOS DE SEGURIDADE.**

## LOCALIZACIÓN

Para esta zona de Portugal non temos mapas dispoñibles. Polo tanto indicaremos os accesos previstos dende Vigo:

Vigo – Ourense – Celanova – Albite – Lobios – Fafiao.

A distancia deste percorrido é de 211km (ida).



## REGULAMENTO

# Clube de Montaña Xistra

1. Esta actividade terá lugar o día 10 de xullo de 2016. O lugar e a data do descenso poderán mudar en función do caudal do río, de cuestións de seguridade e doutras consideracións da Organización.
2. Poderán participar unicamente montañeiros federados con licenza deportiva que cubra esta actividade, coa experiencia mínima necesaria e que mostren condicións físicas adecuadas.
3. Os deportistas deberán ir provistos do material e prendas adecuadas para a actividade: neopreno ou prendas aptas para a auga, casco, arnés, oito, comida para o descenso e demais material da actividade.
4. A organización poderá vetar a participación de calquera deportista que non cumpra dos puntos 2 e 3, cuestión que non exime ós participantes da súa responsabilidade persoal e total se son admitidos.
5. O material colectivo levarao a Organización.
6. As inscricións efectuaranse na Web do Clube de Montaña Xistra [www.xistra.org](http://www.xistra.org), antes do día **7 de xullo (xoves)**.
7. Os participantes nesta actividade asumen a aceptación completa deste regulamento. Calquera cuestión ou dúbida será resolta pola Organización, e a súa decisión será de obrigado cumprimento.
8. Os participantes comprométese a seren respectuosos ó máximo co entorno. Queda prohibido totalmente deixar lixo ou residuos.
9. A Organización non se fai responsable de ningún tipo de accidente.
10. **SÓ PODERÁN PARTICIPAR ÓS FEDERADOS QUE PRESENTEN CUMPRIMENTADA A FOLLA DE INSCRICIÓN OBRIGATORIA VIXENTE E DISPOÑIBLE NA PÁXINA WEB DA FEDERACIÓN.**